

*Teño medo de que chegue mañá*

Teño medo de que chegue mañá. Sentir vacío, sentir medo, que o medo me sinta a min e ser só iso. Podo sentir medo, de que esta noite acabe, de que por moitos versos que escriba, o amencer será igual, e teña que enfrentarme igualmente. Porque teño medo de un día máis, de que volva a rutina.

Non quero, ser Luns, Martes, Mércores, quero ser Ira, Tristeza, Amor, Luxuria, Alegría, todo o mesmo día, ou non ter nome.

Quero durmir toda a mañá, ou levantarme ás seis, e que sexa unha decisión que tome no momento.

Quero poder descansar do mundo, que sexan as tres da mañá, que só haxa silencio e ninguén poida reclamarme nada. Que se pare o reloxo, as horas. Que o tempo só exista se eu quero, e todo o

que me recorde ó paso do tempo sexa a chuvia, atemporal. Porque a gota que me caeu hoxe na man caeulle a unha herba en Hawaii fai dous mil anos, e eso é todo no que quero pensar ás tres da mañá.

E que por moito que pense, mañá non chegará nunca. E que non exista o tempo, nin o mundo, nin o medo. Nin eu, nin o amor, nin nada.

Que sexan só os pensamentos.

O pensamento de que teño medo de que chegue mañá.